

Exp: 48/80

42

ID: 641

LUGO	LUGO
PROVINCIA:	MUNICIPIO:

Nº 50.000 } 72
 N: Route: 16 } 97

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" PENA DO REY, LAMABOA y PENA RUBIA "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s: VERAL (pa.)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	28	58.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS

245

48/80
F

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES EN MANO COMUN
LUGO

En la ciudad de Lugo, a doce de Julio de mil novecientos ochenta y dos, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó clasificar como tal el denominado "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA", a tenor de la siguiente Resolución:

"Visto en el día de la fecha el expediente para la posible clasificación como en mano común del monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA" (expediente 48/80), ubicado en el término municipal de Lugo, promovido por la Administración Forestal y

RESULTANDO: Que el 17 de Diciembre de 1.979, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente para la posible clasificación como tal del monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA", designando como Vocal Instructor a D. DASIO CARRALLENRA TELLA,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se dió Providencia requiriendo al Ayuntamiento de Lugo para que, en relación con el monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA", remitiese:

- a) Certificación de su posible inscripción en el "registro de la propiedad,
- b) Certificación de su posible inclusión en el Inventario de Bienes Municipales y
- c) Certificación del posible Acuerdo con la Administración Forestal, para su repoblación,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se recabó del ICONA Certificación sobre la posible inclusión del monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA" en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 9 de Enero de 1.980, se remitió Edicto al Ayuntamiento de Lugo, poniendo en conocimiento de los posibles interesados la iniciación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses,

RESULTANDO: Que el 8 de Abril de 1.980, se recibió Certificación del ICCNA en el sentido de que el monte no figura en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: Que el 18 de Enero de 1.982, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Lugo, haciendo constar que en el Inventario de Bienes Municipales figuraban los montes:

- "MONTE PENA DO REY (Perímetro II)", de 78 Há., no inscrito en el Registro de la Propiedad y sí consorciado, para su repoblación, con el Patrimonio Forestal del Estado, el 12 de Junio de 1.954,
- "MONTE PENA DO REY", de 50 Há., 10 á. 75 cá., no inscrito en el Registro de la Propiedad,

RESULTANDO: Que durante la tramitación del expediente, no se recibió reclamación alguna contra la posible clasificación como en mano común del monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA",

RESULTANDO: Que en la tramitación del expediente se han cumplido los trámites que establecen la Ley y Reglamento de Montes en Mano Común y la Ley de Procedimiento Administrativo,

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y Jurisdicción para conocer el expediente promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello,

CONSIDERANDO: Que de la Propuesta del Vocal Instructor se desprende que el monte "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA", viene siendo aprovechado de forma mancomunada por los vecinos de la parroquia de Veral, por su condición de tales, sin asignación de cuotas,

este Jurado Provincial, a la vista de lo que antecede, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común el monte de las siguientes características:



Nombre: "PENA DO REY, LAMABOA Y PENA RUBIA".

Superficie: 245 Hás.

Pertenencia: Vecinos de la Parroquia de Veral.

Término municipal: Lugo.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución firme al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 30.º del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común".



Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	28	58	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref.º Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de VERAL están formados por lomas y laderas que desde el centro de la parroquia suben "en punta" hasta Pousadoiro; ocupan toda la parte N. del término parroquial y en conjunto pueden ser llamados "PENA DO REY", "LAMABOA" y "PENARRUBIA".

El terreno, aunque accidentado, es de pendientes relativamente suaves, con altitudes comprendidas entre los 450 y 643 m.

Tienen accesos por caminos de servicio enlazados por el S. con la carretera local de Lugo a las Pias.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 245 Hás., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.º.- Montes de la parroquia de Aday.
E. y S.- Fincas particulares de la parroquia.
O.- Monte "Pena do Rey" de la parroquia de Añón.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Con montes de Aday bajando de Pousadoiro hacia el SE en dirección a Penarrubia; por el O. divide con montes de Alta de S. a N. por Rego de Veral y una loma arriba hasta Pousadoiro.

Prov.*	Munic.*	Consulted Prop.*	N° monte
LU	28	58	1

Ref * Indices


CLAVE DEL MONTE

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de estos montes con fincas particulares no, puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstos han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que éstos montes llegaran a ser calificados como vecinales en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial de los mismos en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.





DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do vintedous de decembro de dous mil dez, figura o acordo seguinte:

<< **4. Varios:**

k) Monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA** (expediente 48/80), pertencente aos veciños da parroquia de **VERAL**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982 e Monte **PENAS DO CALDEIRO, TRAVESA, RAIOLA, PEDRAFITA E PEDREIRAS** (expediente 39/80), pertencente aos veciños da parroquia de **ADAI**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982. Con data 1 de decembro de 2010 tivo entrada escrito asinado por **D. JESÚS VÁZQUEZ CASTRO**, como presidente da xunta reitora de O Veral, e **D. DOMINGO ANTONIO LUGILDE CARNERO**, como presidente da xunta reitora de Adai, dando traslado dun acordo de **deslinde de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 22 de setembro de 2010, perante o Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Lugo; xuntan acta do deslinde, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslinde ao Servizo de Montes, recíbese nota interior, con data 2 de decembro de 2010, na que se especifican as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avinza, quedando o monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA**, cunha superficie de **222 hectáreas, 15 áreas e 10 centiáreas**, e o monte **PENAS DO CALDEIRO, TRAVESA, RAIOLA, PEDRAFITA E PEDREIRAS**, cunha superficie de **370 hectáreas, 29 áreas e 27 centiáreas**. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións nos expedientes, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a dez de xaneiro de dous mil once.

Vº e Pr.

**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Ramón Carballo Páez.



610000 611000 612000 613000

4765000


4764000



4763000

4762000

4761000

4760000



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes	 XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--



MVMC "PENA DO REI, LAMABOA E PENARUBIA"
 (Comunidade de Veral)

AVINZA ENTRE VERAL E ADAI


- MONTES: "PENA DO REI, LAMABOA E PENARUBIA" (48/40), "PENAS DO CALDEIRO, TRAVESA, RAIOLA, PEDRAFITA, E PEDREIRAS" (39/80)"
- PERTENZAS: C.C.M.M.V.V.M.C. "Veral", "Adai"
- PARROQUIA: Veral e Adai
- CONCELLO: Lugo

Escala: 25.000

Nº Plano: 2

 Liña definida pola avinza entre Veral e Adai
 MVMC da comunidade de Veral

Lugo, 02 de decembro de 2010
 O ENXENEIRO DE MONTES



Fernando Rengifo Méndez-Núñez



DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do quince de xuño de dous mil once, figura o acordo seguinte:

<< 5. Varios:

- e) Monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA** (expediente 48/80), pertencente aos veciños da parroquia de **VERAL**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982 e Monte **GRELA, LAMAS, PENA DO REI, COSTA, COURISCADA E PENA DA LEBRE** (expediente 40/80), pertencente aos veciños da parroquia de **SANTA MARÍA ALTA**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982. Con data 25 de maio de 2011 tivo entrada escrito asinado por **D. JESÚS VÁZQUEZ CASTRO** e **D. JOSÉ MANUEL GAYOSO VILA**, como presidentes das xuntas reitoras de Veral e Santa María Alta, respectivamente, dando traslado dun acordo de **deslinde de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 30 de marzo de 2011, perante o Xulgado de Primeira Instancia número 4 de Lugo; xuntan acta do deslinde, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslinde ao Servizo de Montes, recíbese nota interior, con data 2 de xuño de 2011, na que se especifican as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avinza, quedando o monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA** cunha superficie de 209 hectáreas, 6 áreas e 68 centiáreas, e o monte **GRELA, LAMAS, PENA DO REI, COSTA, COURISCADA E PENA DA LEBRE**, cunha superficie de 270 hectáreas, 99 áreas e 10 centiáreas. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións nos expedientes, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.


(...) >>






E para que conste, para a súa remisión a **Jesús Vázquez Castro**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a sete de xullo de dous mil once.

Vº e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**


Ramón Carballo Páez.





 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes	
M.V.M.C. "PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA"		AVINZA ENTRE VERAL E SANTA MARÍA ALTA - MONTES: "PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA" (48/80) , "DA GRELA, DAS LAMAS, PENA DO REI, COSTA, COURISCADA E PENA DA LEBRE" (40/80)" - PERTENZAS: C.C.M.M.V.V.M.C. "Veral", "Santa María Alta" - PARROQUIA: Veral e Santa María Alta - CONCELLO: Lugo	
Escala: 25.000	Nº plano: 3		
 Liña da avinza entre Veral e Santa María Alta		 MVMC da comunidade de Veral	
		Lugo, 02 de xuño de 2011 O ENXEÑEIRO DE MONTES  Feranando Rendifo Méndez-Núñez	



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30 de novembro de 2015**, figura o seguinte acordo:

<< **4. Varios:**

j) Monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA** (expediente 48/80), pertencente aos veciños da parroquia de **VERAL**, do concello de **LUGO**, clasificado polo Xurado con data 12 de xullo de 1982. Como consecuencia da entrada en vigor da **Lei 7/2012 de montes de Galicia**, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na **Disposición transitoria décimo terceira**, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 28 de maio de 2015, recíbese nota interior do Servizo de Infraestruturas Agrarias, informando sobre solapamentos de MVMC en ZCP en casos nos que o acordo firme de concentración parcelaria sexa anterior á clasificación dos montes veciñais en man común, con porcentaxes de afección sobre a superficie de clasificación é inferior aos 10%, entre os que figura este monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA**. Con data 31 de xullo de 2015, emítase nota interior do Servizo Xurídico-Administrativo propoñendo que se proceda a facer unha revisión dos esbozos dos montes sinalados polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, segundo o establecido na devandita Disposición transitoria décimo terceira da lei 7/2012, e tendo en conta que o artigo 105.2 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Tendo en conta o anterior, con data 2 de setembro de 2015, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte **PENA DO REI, LAMABOA E PENA RUBIA**, quedando o monte cunha superficie de 203,67 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.>>


E para que conste, para a súa remisión á **Xerencia Territorial do Castastro**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e prace do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 18 de febreiro de 2016



V. e pr.
O xefe territorial
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Galicia

Plano de:
Revisión de esbozo do MVMC de Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia

Monte: Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia
Superficie posterior 203,67 Ha
Superficie concentrada 4,47 Ha
Pertenza Veral

Municipio: Lugo

Escala: 1:15.000

Plano 4º: Situación

Visto e prace
O Xefe de Servizo de Montes

Área de Montes Veciñais
Lugo, 2 de setembro de 2015

Monte_revisado



Fdo. Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **11.3.2024**, figura o seguinte acordo:

Monte **Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia** (exp. 48/80), pertencente aos veciños da parroquia de Veral, no concello de **Lugo**.

O día 16.1.2024 foi presentada unha copia electrónica auténtica da sentenza firme do 25.11.2019, ditada no procedemento ordinario 10126/2018-J polo Xulgado de 1ª Instancia núm. 5 de Lugo. A sentenza estima a demanda e declara que o predio descrito no feito primeiro da demanda pertence en plena propiedade ao demandante, sen que integre o MVMC Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia. Examinada a demanda, o predio a excluír do monte veciñal está identificado coa parcela catastral 27900A276001870000ZH.

De acordo coa sentenza, o 02.02.2024, o Servizo de Montes emitiu un informe (**2019_85**) e planos nos que se especifican as modificacións resultantes no dito monte, que pasa a ter unha superficie de **200,75 hectáreas**.

Examinada a sentenza, o xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nela e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe
A presidenta do xurado
Mª Olga Iglesias Fontal



Cargos: Xefe Servizo
Data e hora: 05/02/2024 07:25:30
Motivo: Visto e prace

Cargos: Xefe Sección Topografía
Data e hora: 02/02/2024 17:06:29

CVE: CHTALZUBVGT
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes	
Plano de: Exclusión dunha parcela no monte veciñal en man común "Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia" (exp. 48/80) como consecuencia dunha sentenza xudicial <i>Carpeta 2019_85</i>	Monte: Pertenza: Concello: Sup. previa: Sup. posterior:	M.V.M.C. Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia Veciños da parroquia do Veral Lugo 203,67 ha 200,75 ha	A enxeñeira técnica en topografía Lugo, 2 de febreiro de 2024
Escala: 1:15.000	PLANO 2: MONTE POSTERIOR	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes	Manuel González Fernández
48/80 Monte_posterior		Sonia Villaverde Vieltes	



S69 - UTM 29N 610000 610500 611000 611500 612000 612500 613000 613500 614000 614500 615000 615500

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.3.2025**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

O MVMC **Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia**, pertencente aos veciños da parroquia de Veral, concello de **Lugo**. Expediente 48/80.

O 13.5.2024 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Veral para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan. Procedemento con número de expediente **2024_27**.

O 3.12.2024, o Servizo de Montes elaborou unha proposta do novo esbozo tendo en consideración que se atopa iniciado un expediente de deslindamento con catro propiedades lindeiras (exp. 2024_20DES). Concretamente, un dos predios que forma parte do expediente de deslindamento foi retirado do perímetro do monte, a expensas da aprobación definitiva do deslindamento. Finalmente, e considerado a proposta da comunidade, a superficie do monte de **Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia** pasa a ser de **148,04 hectáreas**.


Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de: Lugo_48/80_2024/27
Revisión de esbozo do mvmc de Pena do Rei,
Penaboa e Penarubia (Exp 48/80)

Monte: **Monteseiro**
Pertenza **Parroquia de Monteseiro**
Superficie previa: **200,75 Ha**
Superficie posterior: **148,04 ha** Municipio: **Lugo**

Escala: 1:13.000

Plano 4. Proposta de revisión. Monte posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

Monte_posterior

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

CVE: i9ZbFR00VX0
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



610000 610500 611000 611500 612000 612500 613000 613500 614000 614500

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **23.6.2025**, figura o seguinte acordo:

MVMC Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia, pertencente aos veciños do Veral, no concello de **Lugo**. Expediente Lugo/48_80.

O 5.9.2024, a comunidade do Veral presentou unha proposta de deslindamento do seu monte respecto de propiedades particulares, coa que solicita o inicio do correspondente procedemento, de acordo co disposto no artigo 54 da Lei 7/2012.

O 28.10.2024, o Servizo de Montes emitiu un informe desfavorable sobre a proposta formulada, xa que considerouse incoherente a proposta de deslinde coa cartografía achegada, ademais de resultar insuficiente a xustificación de propiedade de algúns predios actualmente clasificados a favor do monte veciñal.

O 4.11.2024 a comunidade volver a presentar proposta de deslinde con 4 predios lindeiros.

O 9.12.2024, o Servizo de Montes emitiu un informe favorable sobre a nova proposta formulada.

O 10.1.2025 publicouse no DOG o anuncio polo que se fixo pública a proposta de deslindamento e se abriu o prazo de alegacións para o procedemento **2024_20DES**. Así mesmo, o anuncio foi publicado no concello de Lugo e na web da Consellería do Medio Rural.

O 5.5.2025, a comunidade do Veral presentou unha ratificación da proposta inicial por non se ter presentadas alegacións no proceso de información pública.

O 7.5.2025, o Servizo de Montes emitiu un novo informe favorable sobre o deslindamento parcial expresado.

O 9.5.2025 a comunidade do Veral presentou a proposta definitiva da liña de deslindamento, nos termos requiridos no citado artigo 54.

O 16.5.2025, o Servizo de Montes emitiu un informe no que se especifican as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento. Segundo a nova cartografía, o monte de **Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia** pasa a ter una superficie de **147,08 hectáreas**.

De conformidade co disposto no artigo 54.3 da Lei 7/2012, no caso de informe favorable, unha vez ratificado o deslindamento provisional pola

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MVMC
Ronda Muralla, 70
27071 Lugo
T. 982 889 256

h)



aseblea xeral, darase traslado ao xurado provincial dos acordos alcanzados. O xurado provincial de montes veciñais en man común ditará resolución aprobatoria do deslindamento.


Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder a realizar ás oportunas modificacións no respectivo expediente, de conformidade co informe elaborado polo Servizo de Montes.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de: LUGO_48/80_2024_20DES

Proposta de deslindamento parcial no MVMC da PENA DO REI, LAMABOIA E PENA RUBIA respecto de propiedades particulares (Lugo).

Monte: **Pena do Rei, Lamaboa e Pena Rubia**
Pertenza **Veciños do Veral**
Superficie previa: **148,04 Ha**
Superficie posterior: **147,08 Ha**

Municipio: **Lugo**

Escala: 1:13.000

Plano 3. Monte posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

Monte_posterior

CVE: DVmHcaqHv2
 Verificación: https://sede.xunta.gal/ve

